

22 de xaneiro de 1966

Querido Lois:

Desde que cheguei estou estudando o programa das oposicións a cátedra de Xeografía e Historia de Institutos.

Mandoumo Alonso Montero e comencei a traballar nel a todo canto podo dar. Nin son complicados nin difíciles, pero son 166 temas que necesariamente compre saber, porque dous dos cinco exercicios son por sorte.

As oposicións son arredor de xunio, pero non sei xusto cando, cousa que ben me compría pra axeitar o meu tempo.

Se non aprobo, cousa moi posibel, verei, tamen, de me quedar ahí, a ser factibel ~~xxxxx~~ traballando nun colexio privado e donde non aproveitando a miña esperencia de comerciante.

Co que levo estudado, e calculando o tempo que falla, penso que pra xunio tereille dada unha volta a todos os temas, aínda que non sei se na intensidade e, sobor de todo, na dirección que se precisaría.

O caso é que, sexa como sexa, non nos parece que teña ningún sentido o prolongar a nosa vida eiquí.

Fernando ficará en Europa perante 5 anos mais, que pode prolongar a 7. José Ramón comenzou un traballo de corredor dunha casa de electricidade e toma os estudos de esguello, cousa que poderá facer en calquera sitio a onde vaya.....e os feitos de Sudamérica "no andan de buena guisa".

As cousas da nosa colectividade siguen coma sempre. Variación sobre o mesmo tema. Os "petrucios" quitaron un periódico que dirixe un fillo de Perfecto López. Polo de agora aínda non se meteron con ninguén. Siguen todos soñando nos cartos de Puente, pero resulta que tamen Puente soña no mesmo, nos seus cartos e, soño vai, soño ven, pasan a vida soñando. Cando espertan, ven que Puente tamen está esperto porque él, pra soñar con cartos non precisara durmir.

Os do Consello celebran xuntanzas cada tres meses ou denantes se morre algun dos componentes. Teñen previsto que farán xuntanza de urxencia en caso de que caia o goberno aínda sen previo aviso. Conqueriron que a Minicipalidad de Buenos Aires lles dira un posto na comisión do momento a Castelao, o cal é de decisiva importancia pra o futuro de Galiza, pois con esa representación o Consello medrou aos ollos do deputado Parravicini de UCRI, de Belnnicoff de UCRP e mais do concellal Romanini de Udelpa.

E nos, coma decote, pola Federación, facendo o que se pode, que non é moito.

Unha forte aperta pra María del Carmen, Constanza e Miguel e ti recibe outro moi forte